



## **REGULAMENTO DA XXVI MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ:**

1.- A Marcha cicloturista está aberta á participación dos/as ciclistas maiores de 15 anos ou ben que os cumpran durante o ano en curso e sexan posuidores de licenza federativa.

A persoa que non teña licenza federativa poderá obtela por un só día por un importe de 10 € (terá a cobertura dunha póliza de responsabilidade civil e de accidente).

A inscrición custará 15 € para as persoas federadas e 25 € para as persoas non federadas.

As inscricións abrirán o día 15/05/2023 e pecharanse o xoves día 22 de xuño do 2023 ás 23:59 horas.

O proceso de inscrición realizarase a través da páxina web da FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO facendo o pago da cota establecida mediante a pasarela de pago habilitada en dita web na seguinte ligazón:

[FEDERACIÓN CICLISMO GALEGO –CALENDARIO](#)

2.- O número máximo de participantes na proba será de 200.

3.- As persoas participantes deberán levar casco ríxido obrigatoriamente.

4.- A Organización atenderá aos gastos de dorsal, avituallamento, petiscos ao finalizar a marcha e un agasallo a cada participante.

5.- Durante o transcurso da Marcha os participantes obedecerán as ordes da Organización e dos axentes de tráfico. Os que incumpran as normas serán excluídos da Marcha.

6.- Circularase de acordo ao establecido nas normas de circulación e seguindo as directrices dos axentes da Garda Civil de Tráfico.

7.- A marcha será neutralizada e con tramo libre. Establécese unha velocidade media de 25 km/h. A parte neutralizada será controlada polos membros do C.C. Xiabre. O tramo libre comezará en Abalo (Catoira) no quilómetro 42,2 da marcha e finalizará no lugar de avituallamento en Fontefría e incluirá a

subida opcional ao alto de Meda. *A partir dunha determinada hora establecida pola organización no propio día da marcha os/as cicloturistas xa non poderán subir o tramo opcional até o alto de Meda. Esta medida ten por obxectivo garantir que todas as persoas participantes na marcha estean no lugar de avituallamento no momento de reinicio da Marcha. De non respectarse esta norma da Organización, as persoas participantes que non estean no lugar do avituallamento no momento de reinicio da Marcha ficarán excluídas da mesma e seguirán pola súa conta baixo a súa responsabilidade.*

8.- A entrega de dorsais comezará 1 hora antes da saída. Os participantes están obrigados a portar en lugar visíbel o seu dorsal durante todo o percorrido. A data límite para realizar a inscrición será o mesmo día da marcha ata 1/2 hora antes do seu inicio para as persoas con licenza federativa sempre que non se teñan cuberto previamente todas as prazas na Inscrición «en liña». A inscrición o propio día da marcha custará 20 €.

9.- A Organización disporá de médico, ambulancia, coche vasoira, asistencia mecánica e avituallamento. Ao final da marcha, haberá un servizo de duchas a disposición dos/as participantes.

10.- O Club Ciclista Xiabre fará entrega dos seguintes agasallos:

- a) Agasallo individual a todos/as os/as participantes.
- b) Agasallo ao Club máis numeroso (mínimo 5 participantes).
- c) Agasallo ao Club máis distante (mínimo 5 participantes).
- d) Agasallo ao/á participante máis veterano/a.
- e) Agasallo ao/á participante máis novo/a.
- f) Os compoñentes do club organizador só recibirán o agasallo individual.

11.- A organización resérvase o dereito de modificar todo o relativo aos itinerarios, reagrupamentos, horario de saída, etc., cando motivos ou circunstancias extraordinarias así o aconsellen para o bo desenvolvemento da proba.

12.- A inscrición nesta Marcha significa a aceptación do presente regulamento en todos os seus termos. Calquera participante que non o cumpra será responsábel dos seus actos, tanto dentro como fóra da Marcha, excluindo de toda responsabilidade á Organización.